REUNIÓN DA COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 24.10.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 16112 (10/POC-002862)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos ás obras realizadas pola Xunta de Galicia no CPI Virxe do Monte, en Cospeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

1.2 17547 (10/POC-002968)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as razóns da modificación que se está a levar a cabo no trazado do Camiño Inglés a Santiago de Compostela ao seu paso polo concello de Cabanas, a opinión do Goberno galego en relación co incremento da perigosidade que supón para os peregrinos e a realización dalgunha valoración respecto do seu impacto económico na hostalaría local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 7189 (10/PNC-000741)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para a consolidar, conservar e garantir a accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en marcha dun proxecto para poñer en valor a súa importancia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

2.2 13979 (10/PNC-001287)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na formación da lingua galega para adultos, a través de medidas como a posta en marcha do CELGA 4 en liña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

2.3 17013 (10/PNC-001420)

PARLAMENTO
DE GALICIA

Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para axilizar a construción e posta en funcionamento dun novo instituto de ensinanza secundaria en Barbadás
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

2.4 17214 (10/PNC-001432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para que a lingua galega estea presente ao mesmo nivel que o éuscaro e o catalán nas plataformas televisivas más importantes de España
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

2.5 17704 (10/PNC-001460)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a conservación da torre de Caldaloba, en Cospeito, así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar	P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 16112(10/POC-002862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ás obras realizadas pola Xunta de Galicia no CPI Virxe do Monte, en Cospeito

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16112
Data envio: 12/09/2017 16:02:52.427

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

No diario *El Progreso* do día 9 de setembro de 2017 aparece unha nova relativa aos investimentos realizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo na que se destacan os seguintes titulares:

1.- La Xunta realizó obras en 65 colegios lucenses por valor de dos millones de euros.

2.- Las rehabilitaciones integrales de los CEIP Lagostelle de Guitiriz y Virxe do Monte de Cospeito se llevaron casi la mitad del presupuesto.

No caso do CPI Virxe do Monte (Cospeito) o investimento realizado foi de 422.567 €. Non obstante, algunhas fontes sinalan que as obras proxectadas neste centro non están rematadas.

Coa finalidade de coñecer a situación real das obras ás que se fai referencia, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal era a situación das obras no CPI Virxe do Monte de Cospeito o día 9 de setembro de 2017?

2ª) Se as obras non estaban rematadas, cal era o seu grao de execución?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16112
Data envio: 12/09/2017 16:02:52.427

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 14:09:25

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/09/2017 14:09:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 17547(10/POC-002968)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da modificación que se está a levar a cabo no trazado do Camiño Inglés a Santiago de Compostela ao seu paso polo concello de Cabanas, a opinión do Goberno galego en relación co incremento da perigosidade que supón para os peregrinos e a realización dalgunha valoración respecto do seu impacto económico na hostalaría local

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17547
Data envio: 26/09/2017 19:27:20.516

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4**.ª, relativa aos cambios producidos no trazado do Camiño Inglés no municipio de Cabanas.

Ata hai uns meses o Camiño Inglés de Santiago, ao seu paso polo municipio de Cabanas, discorría por Laraxe e Porto, sendo ambas as parroquias de paso tradicional e histórico de camiños cara ao Seixo, Neda e Ferrol. Ademais durante este traxecto os peregrinos transitaban por vías tradicionais con servizos onde poder avituallarse (fontes, descansos, hostalería, patrimonio cultural, etc.) e pola única praia que cruzaba o Camiño de Santiago.

Sen embargo, o cambio de trazado que está realizando a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia deixa fóra da ruta á praia da Madalena, onde ademais se atopa a antiga hermita de Santa Marta (historicamente relacionada co paso de peregrinos), co que se prexudicaría tanto aos peregrinos como a parte dos negocios de hostalaría dos que dispón o municipio de Cabanas. Co novo trazado, os peregrinos atravesan directamente de Laraxe a Cabanas, sen pisar Porto.

Ademais, co novo trazado que está a impoñer a Xunta, os peregrinos deben realizar sucesivos cruzamentos perigosos pola N-651, co grave risco que representa para a súa seguridade.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cales son os motivos que xustifican o cambio de trazado?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17547
Data envio: 26/09/2017 19:27:20.516

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2.ª) Considera o Goberno galego adecuado realizar un cambio de trazado que supoña un incremento na perigosidade do mesmo?

3.ª) Fixo o Goberno galego algunha valoración sobre as perdas que este novo trazado pode causar na hostalería local?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/09/2017 19:18:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2017 19:18:25

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 7189(10/PNC-000741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para a consolidar, conservar e garantir a accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en marcha dun proxecto para poñer en valor a súa importancia

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:07
Nº Rexistro: 7189
Data envio: 29/03/2017 12:07:41.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura. Concibida para a vixilancia e o control das terras próximas, do mesmo xeito que outras torres conservadas en concellos próximos como é o caso de Sandiás, esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media.

A torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei n° 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español. No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:07
Nº Rexistro: 7189
Data envio: 29/03/2017 12:07:41.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. O seu acceso é complicado por mor da maleza e da superficie rochosa e ademais hai dúbidas canto á seguridade xa que o aspecto (especialmente unha fenda situada nun dos muros) parece indicar que a falta de coidado e intervención puido afectar negativamente á conservación da súa estrutura co paso do tempo e as incidencias metereolóxicas. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para a consolidación, conservación e garantía de accesibilidade para a torre de Sande no Concello de Cartelle así como a desenvolver as actuacións necesarias para poñer en marcha un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes."

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:07
Nº Rexistro: 7189
Data envio: 29/03/2017 12:07:41.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 12:03:07

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 12:03:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 12:03:17

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 12:03:20

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 12:03:22

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 12:03:25

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 13979(10/PNC-001287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na formación da lingua galega para adultos, a través de medidas como a posta en marcha do CELGA 4 en liña

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13979
Data envio: 09/08/2017 14:29:10.559

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia**,** a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e das deputadas, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

O goberno galego está a desenvolver unha estratexia de ensino e aprendizaxe en liña para facilitarlles o acceso á formación de lingua galega ás persoas adultas que desexan adquirir ou mellorar a súa competencia lingüística aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no ámbito da formación.

Esta aposta ten cristalizado na convocatoria de diferentes edicións de cursos en liña preparatorios para as probas de certificación de lingua galega no seu primeiro nivel. Trátase de accións formativas dirixidas, nomeadamente, a persoas estranxeiras, non galegofalantes ou que non conten con formación en lingua galega e que estean interesadas en achegarse ao idioma para melloraren a súa competencia lingüística básica en galego.

Dende o grupo parlamentario popular, consideramos que a estratexia de formación en liña pode ser un elemento de atracción para todas as persoas que desexen adquirir as competencias lingüísticas de diferentes niveis en galego, polo que consideramos que pode ser interesante ampliar a oferta de cursos CELGA en liña a outros niveis de competencia lingüística.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a avanzar na formación da lingua galega para adultos, a través de medidas como a posta en funcionamento do CELGA 4 en liña; ademais de potenciar e facilitar a realización dos exames que acrediten a competencia lingüística en galego”.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13979
Data envio: 09/08/2017 14:29:10.559

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/08/2017 14:27:09

César Manuel Fernández Gil na data 09/08/2017 14:27:27

Maria Antón Vilasánchez na data 09/08/2017 14:27:31

Teresa Egerique Mosquera na data 09/08/2017 14:27:41

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2017 14:27:57

Carlos Enrique López Crespo na data 09/08/2017 14:28:10

Antonio Mouriño Villar na data 09/08/2017 14:28:23

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/08/2017 14:28:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 17013(10/PNC-001420)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para axilizar a construción e posta en funcionamento dun novo instituto de ensinanza secundaria en Barbadás

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17013
Data envio: 20/09/2017 11:42:38.255

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa á creación dun Instituto no municipio de Barbadás, na provincia de Ourense.

Exposición de motivos

Barbadás é un concello da provincia de Ourense, pertencente á comarca de Ourense. O concello, de 30,33 qm², abrangue 6 parroquias. Limita ao norte con Ourense. O seu principal núcleo é A Valenzá, vila de Ourense. Cara ao norte está o río Miño, ao que se dirixe o río Barbaña, principal curso fluvial do concello. As zonas máis montañosas están cara ao suroeste, acadando os 600 m no Alto do Castro.

Segundo o IGE en 2016 tiña 10.638 habitantes (10.463 en 2015, 8.426 no 2006, 7.939 no 2005, 7.597 no 2004, 7.193 no 2003). No 2015 tiña un censo total de 10.463 persoas, das que o case 18% eran menores de 15 anos (1.876).

Na actualidade o termo municipal de Barbadás dispón de dous centros de Educación Infantil (de 3 a 6 anos) e Primaria (de 6 a 12 anos); trátase do CEIP Filomena Dato que contará con 382 nenos/as para o vindeiro curso 2017/2018 (42 máis que no curso 2016/17); e o CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro. (inaugurado no curso 2007/2008). Comezou con 71 alumnos/as, no pasado curso (2016/17) 361 e para o curso 2017/18 vai ter 397 (36 alumnos máis, segundo as listas provisionais de admitidos/as). A súa capacidade total é de 450.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17013
Data envio: 20/09/2017 11:42:38.255

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Porén está previsto que un total de 779 alumnos/as estean matriculados en educación infantil e primaria no Concello de Barbadás.
Iso é un indicio obxectivo do crecemento demográfico do municipio.

Están resoltas as necesidades do municipio en Infantil e Primaria. Sen embargo, o Colectivo Cidadá por Centros Públicos de Barbadás leva anos reivindicando a construción dun instituto que evite o traslado dos preto de 800 mozos e mozas que teñen que se desprazar á cidade para continuar os seus estudos de Ensino Secundario e Bacharelato (principalmente, no Ferro Couselo).

Xa en 2008 este Colectivo reclamaba ao rexedor do municipio e á Consellería de Educación , Cultura e Ordenación Universitaria escritos pedindo que se puxesen a disposición da Xunta os terreos axeitados para o mesmo; e por outra banda á Consellería que se comprometese na súa construción.

En outubro de 2009 o, naquel entón, Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e hoxe alcalde de Ourense, anunciou ante a comunidade educativa que se colocaría a primeira pedra no primeiro semestre de 2010 e que comezaría a funcionar no curso 2011-12. E mesmo falou da cantidade de 4.691.350 euros asignada a tal fin. Polo que se ve, co paso do tempo, propaganda e non compromiso real.

Nos anos 2010, 2011, 2015 e ata hoxe moitas foron as iniciativas dos grupos da oposición e da plataforma cidadá polo ensino público, reclamando tamén con sinaturas da cidadanía das seis parroquias, o que demostra a urxencia e prioridade do cumprimento do compromiso.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17013
Data envio: 20/09/2017 11:42:38.255

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Axilizar as xestións para conseguir os terreos necesarios e iniciar coa maior celeridade posible a construción dun novo Instituto de Ensino Secundario en Barbadás.
- Pór a disposición os terreos que xa no ano 2010 se reservaran (10.000 m2, destinados a este fin, sen concretar e sen cesión efectiva) para construír o Instituto.
- Que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria inicie de forma inmediata o IES en Barbadas, financiando, para tal fin, as partidas orzamentarias precisas e garantir no vindeiro exercicio a financiación suficiente para o remate das obras e a súa posta en funcionamento.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.; Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2017 11:36:15

Luca Chao Pérez na data 20/09/2017 11:36:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17013
Data envio: 20/09/2017 11:42:38.255

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 20/09/2017 11:36:28

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 17214(10/PNC-001432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para que a lingua galega estea presente ao mesmo nivel que o éuscaro e o catalán nas plataformas televisivas más importantes de España

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:02
Nº Rexistro: 17214
Data envio: 21/09/2017 17:02:10.765

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López e** do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Todas as enquisas e análises feitos nos últimos anos mostran unha realidade moi preocupante para a lingua galega, cun descenso moi acusado do seu uso entre a poboación sobre todo entre a mocidade.

Non cabe dúbida de que a maneira de que o uso da nosa lingua sexa impulsado é que o galego estea en todas as actividades da poboación e sobre todo dos máis novos, e entre estas actividades é fundamental que o galego estea nas de lecer e nas culturais.

Neste senso a presenza do galego nas producións audiovisuais é case inexistente. En moi escasos cines pódense visionar películas en lingua galega, incluso na televisión galega as actividades de dobraxe son cada vez máis escasas.

Pero ademais tampouco o galego está presente nas plataformas televisivas cada vez máis utilizadas por un maior número de persoas. Nestas plataformas, como Movistar+ seguramente a máis vista, todas as series e películas de cine actuais ou máis populares, poden visionarse con subtítulos en castelán, euskera e catalán pero non existe nin unha soa que teña subtítulos en galego.

Isto é froito dun abandono absoluto por parte da Xunta de Galicia das políticas de promoción do galego, realmente case humillante.~~,~~ Como é posible que estean todos os idiomas oficiais menos o noso? Para a normalización da lingua son tamén fundamentais as políticas de prestixio, e a Xunta está a facer todo o contrario ca nosa.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:02
Nº Rexistro: 17214
Data envio: 21/09/2017 17:02:10.765

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas oportunas para que o galego estea presente ao mesmo nivel que o euskera e o catalán nas máis importante plataformas televisivas de España.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:30:49

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:30:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/09/2017 16:31:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 24.10.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 17704(10/PNC-001460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a conservación da torre de Caldaloba, en Cospeito, así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:46
Nº Rexistro: 17704
Data envio: 28/09/2017 11:46:09.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a torre de Caldaloba en Cospeito e o seu risco de derrube.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"A torre de Caldaloba, en Cospeito, está moi estragada, ten unha deterioración importante. Está catalogada como monumento nacional, foi a derradeira fortaleza en renderse aos Reis Católicos, e na súa contorna podería haber restos arqueolóxicos importantes. Malia todo isto, arestora corre risco de derrubarse, así que os veciños piden que se actúe no lugar para impedilo".

Así recollía a TVG nos seus informativos a situación que atinxe a torre de Caldaloba situada no Concello de Cospeito. "A chuvia, a xeada e o paso do tempo foron deteriorando unha construción que, segundo os expertos, ten un importante valor histórico. As placas metálicas que se colocaron para evitar que se filtrase auga viñeron abaixo e a estrutura interna tamén se atopa en moi mal estado. Por iso, reclaman que se actúe de xeito inmediato para evitar que caia", continúa a información.

Neste senso, desde a alcaldía de Cospeito aseguraron, en xuntanza con representantes veciñais na defensa e posta en valor desde inmóbel, que procurarían a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:46
Nº Rexistro: 17704
Data envio: 28/09/2017 11:46:09.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vontade da persoa propietaria de Caldaloba para que cedese ou doase o inmóbel así como axuda á Dirección Xeral de Patrimonio para salvagardar e protexer a torre.

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a sua decapitazón, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación da torre Caldaloba en Cospeito así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia."

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Luis Bará Torres

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:46
Nº Rexistro: 17704
Data envio: 28/09/2017 11:46:09.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:43:33

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:43:38

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:43:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:43:43

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:43:47

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:43:50